Interreg

Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pela União Europeia

España – Portugal

REDE_GOV_MINHO

BARÓMETRO DO OBSERVATORIO DAS DINÁMICAS TRANSFRONTEIRIZAS

INFRAESTRUTURAS DOS SERVIZOS PÚBLICOS

Infraestruturas de servizos públicos

INDICE

8.1 Introdución 3
8.2 Ingresos non financeiros por habitante 3
8.3 Gastos non financeiros 4
8.4 Saldo entre ingresos e gastos por habitante 5
8.5 Débeda financeira por habitante 6
8.6 Distribución municipal dos indicadores financeiros 7
8.7 Servizos municipais 10
8.8 Notas metodolóxicas 11
8.9 Conclusións 11

8.1 Introdución

No presente capítulo analízase a situación financeira dos concellos do ámbito do AECT Rio Minho durante o período 2015-2025, coma indicador da capacidade para financiar, manter e mellorar as infraestruturas e os servizos públicos municipais. O capítulo completarase cun inventario dos principais servizos públicos municipais de cada concello.

Os datos trabállanse de xeito homoxeneizado para poder comparalos: os ingresos e os gastos non inclúen as operacións financeiras, e a débeda corresponde aos préstamos dos concellos. Os datos correspondentes ao ano 2025 son provisionais e, no caso de A Caniza, Mondariz e O Rosal, ao non constar publicadas as liquidacións do ano, os ingresos e os gastos están estimados.

Táboa 1: Indicadores financeiros municipais por área 2015 a 2025

Indicador	Área	2015	2025	Variación 2015-2025
Ingresos non financeiros (€/hab.)	Portugal	860	1.425	+65,7%
	Galicia	649	1.032	+59,0%
	AECT Rio Minho	784	1.285	+63,9%
Gastos non financeiros (€/hab.)	Portugal	813	1.438	+76,9%
	Galicia	641	1.106	+72,5%
	AECT Rio Minho	751	1.319	+75,6%
Débeda financeira (€/hab.)	Portugal	304	238	−21,7%
	Galicia	99	94	−5,1%
	AECT Rio Minho	230	186	−19,1%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, o INE e a DGAL.

8.2 Ingresos non financeiros por habitante

Os ingresos non financeiros por habitante do conxunto dos concellos do AECT Rio Minho pasan de 784 €, en 2015, a 1.285 € en 2025, o que se traduce nun incremento do 63,9 %. O crecemento concéntrase na segunda metade do período pois, mentres que entre 2015 e 2020 os ingresos medran un 13,8 %, entre 2020 e 2025 medran un 44,1 %.

A área portuguesa presenta en todo o período valores superiores á galega. En 2025 os concellos portugueses ingresan 1.425 € por habitante, fronte aos 1.032 € dos galegos, unha diferenza de 393 €, moi superior aos 211 € de 2015. Os ingresos por habitante medran máis na área portuguesa ca na galega, (un 65,7% fronte ao 59%), polo que a distancia entre ambas áreas amplíase: en 2015 os concellos galegos ingresaban por habitante un 24,5 % menos que os da área portuguesa, e en 2025, un 27,6 % menos.

Débese ter en conta, neste sentido, as diferenzas na estrutura das administracións dos dous países. Namentres que en Portugal os concellos asumen un maior número de competencias, en ausencia de administracións intermedias entre a estatal e a local, en España as comunidades autónomas e mesmo as

deputacións asumen ingresos e gastos con campos competenciais, o que reduce o alcance da administración local en termos relativos.

Gráfico nº1.- Ingresos non financeiros por habitante (€/hab.) 2015-2025



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, o INE e a DGAL

8.3 Gastos non financeiros

O gasto non financeiro por habitante presenta unha evolución paralela á dos ingresos. No período obxecto de estudo experimenta un incremento do 75,6 %, pasando dos 751 € en 2015 aos 1.319 € en 2025, o que pon de manifesto un incremento máis rápido ca o dos ingresos.

Na área portuguesa o incremento foi do 76,9 % pasando de 813 € a 1.438 € e, na galega do 72,5 %, pasando de 641 € a 1.106 euros. A diferenza de gasto entre ambas áreas existe dende o inicio do período mais, desde 2019 amplíase ao asumir as cámaras municipais portuguesas competencias en educación, saúde e acción social no proceso de descentralización de 2019-2023[1]; unhas competencias que, en boa parte, na área galega son asumidas pola Xunta de Galicia.

[1] https://diariodarepublica.pt/dr/detalhe/lei/50-2018-116068877

Gráfico nº2.- Gastos non financeiros por habitante (€/hab.) 2015-2025



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, o INE e a DGAL

8.4 Saldo entre ingresos e gastos por habitante

A través do cálculo da diferenza entre os ingresos e os gastos non financeiros por habitante, pódese aproximar o equilibrio orzamentario anual dos concellos. No conxunto dos concellos do AECT Rio Minho o saldo móvese en valores próximos a cero durante todo o período, entre os -34 € en 2025 e os 53 € de 2016.

A área galega rexistra valores positivos na meirande parte do período, con valores negativos nos anos 2019, 2021, 2022 e 2025. A área portuguesa presenta valores negativos en 2017, 2021 e 2025.

De se realizar a análise a nivel municipal, no ano 2025, 16 dos 26 concellos do ámbito do AECT Rio Minho rexistraron saldos negativos. Cómpre ter en conta que un saldo negativo nun ano concreto non é sinónimo de desequilibrio, posto que pode responder a investimentos financiados con remanentes dos anos anteriores ou con préstamos.

Gráfico nº3.- Saldo entre ingresos e gastos non financeiros por habitante (€/hab.) 2015-2025



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, o INE e a DGAL

8.5 Débeda financeira por habitante

A débeda financeira por habitante no conxunto do AECT Rio Minho redúcese un 19,1 % ao pasar de 230 € no ano 2015 a 186 € en 2025. Nos primeiros anos do período rexístrase un mínimo no ano 2018 de 171 €, que contrasta coa alza experimentada entre 2021 e 2023, ano no que se sitúa nos 219 €, para diminuír novamente nos dous últimos anos.

Os concellos da área portuguesa rexistran un maior endebedamento do que os da área galega. En concreto, no ano 2025 a débeda dos primeiros era de 238 €/habitante, o que se traduce en 2,5 veces a débeda da área galega por habitante, aínda que a distancia se reduciu desde 2015, cando era 3,1 veces maior. A área portuguesa diminúe a súa débeda un 21,7 % no conxunto do período. Pola contra, a área galega, tras o mínimo de 40 €/hab. de 2020, repunta ata os 143 €/hab. en 2023, e sitúase en 94 €/hab. en 2025, un 5,1 % menos que en 2015. Como xa fora indicado, deben interpretarse estas diferenzas no contexto dun marco competencial diferente no ámbito local entre ambos os dous países.

Por concellos as débedas máis elevadas, en 2025, corresponden a Melgaço (710 €/hab.), Ponte da Barca (524 €/hab.), A Caniza (519 €/hab.) e Monção (421 €/hab.). No extremo oposto, seis concellos, todos da área galega, non rexistran débeda: Arbo, O Covelo, A Guarda, Mondariz Balneario, As Neves e Oia. Entre 2015 e 2025 destacan as reducións de Paredes de Coura, Salvaterra de Miño e Vila Nova de Cerveira. Pola contra, A Caniza, Mondariz e Salceda de Caselas rexistran os maiores incrementos.

Gráfico nº4.- Débeda financeira por habitante (€/hab.) 2015-2025



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o INE e a DGAL

8.6 Distribución municipal dos indicadores financeiros

A táboa 2 recolle, para o ano 2025, os tres indicadores e o saldo nos 26 concellos do AECT Rio Minho; cómpre comentar que os ingresos, os gastos e o saldo de A Caniza, Mondariz e O Rosal son estimacións.

Os ingresos por habitante presentan unha forte dispersión entre concellos, desde os 2.824 € de Melgaço ata os 818 € de Tui. Os valores máis elevados corresponden, en xeral, a concellos rurais e con pouca poboación nos que as transferencias, pensadas para cubrir os custos fixos dos servizos, se reparten entre un menor número de habitantes. Oito dos dez concellos portugueses superan os 1.400 €/hab., fronte a dous dos dezaseis galegos.

Gráfico nº5.- Ingresos non financeiros por habitante por concello, 2025 (€/hab.)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, o INE e a DGAL

Táboa 2: Distribución municipal dos indicadores financeiros, 2025

Concello	Ingresos (€/hab.)	Gastos (€/hab.)	Saldo (€/hab.)	Débeda (€/hab.)
Arbo	1.386	1.425	−39	0
A Caniza	*1.133*	*1.266*	*−133*	519
Covelo	1.613	1.580	33	0
Crecente	1.315	1.320	−5	110
A Guarda	1.003	1.156	−153	0
Mondariz	*1.037*	*1.261*	*−224*	160
Mondariz Balneario	2.237	2.951	−714	0
As Neves	1.042	1.076	−34	0
Oia	1.188	1.087	101	0
Ponteareas	1.061	1.035	26	94
O Porriño	1.203	1.352	−149	139
O Rosal	*899*	*1.225*	*−326*	83
Salceda de Caselas	846	819	27	273
Salvaterra de Miño	946	1.011	−65	71

Concello	Ingresos (€/hab.)	Gastos (€/hab.)	Saldo (€/hab.)	Débeda (€/hab.)
Tomiño	921	830	91	8
Tui	818	970	−152	9
GALICIA	***1.032***	***1.106***	***−74***	**94**
Arcos de Valdevez	1.845	1.819	26	148
Caminha	1.444	1.426	18	111
Melgaço	2.824	2.845	−21	710
Monção	1.566	1.646	−80	421
Paredes de Coura	1.886	1.828	58	190
Ponte da Barca	1.786	1.896	−110	524
Ponte de Lima	1.156	1.204	−48	60
Valença	1.469	1.464	5	311
Viana do Castelo	1.173	1.155	18	241
Vila Nova de Cerveira	1.877	2.000	−123	305
PORTUGAL	**1.425**	**1.438**	**−13**	**238**
TOTAL AECT RIO MINHO	***1.285***	***1.319***	***−34***	**186**

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas o INE e o DGAL

A débeda tamén se distribúe de xeito moi desigual. Mentres que na área galega hai seis concellos que non teñen débeda financeira, Melgaço supera os 700 €/hab. e outros tres concellos, Ponte da Barca, A Caniza e Monção, superan os 400 euros por habitante.

Gráfico nº5.- Débeda financeira por habitante por concello, 2025 (€/hab.)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Facenda, o Tribunal de Contas, o INE e a DGAL

8.7 Servizos municipais

Xunto coa capacidade financeira, a dotación económica de servizos públicos municipais permite aproximar o nivel de equipamento dos concellos do AECT Rio Minho. A táboa 3 recolle, para oito servizos básicos, o número de instalacións existentes en cada área e o número de concellos que dispoñen de cada servizo, segundo a situación a novembro de 2026.

Táboa 3: Servizos públicos municipais: número de instalacións e concellos con servizo, 2026

Servizo	Portugal (nº de instalacións)	Galicia (nº de instalacións)	AECT (nº de instalacións)	Concellos con servizo (de 26)
Mercado municipal	8	15	23	21
Feira periódica	15	13	28	23
Biblioteca pública	12	16	28	25
Piscina pública	17	14	31	22
Conservatorio ou escola de música	9	13	22	18
Auditorio ou casa da cultura	13	19	32	26
Pavillón deportivo municipal	28	22	50	25
Escola infantil 0-3 anos (pública ou social)	49	21	70	26

Fonte: elaboración propia a partir de directorios da Rede de Bibliotecas de Galicia e da Rede de Bibliotecas do Alto Minho, Consellería de Educación, AGSE, Carta Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e webs e ordenanzas municipais. Situación a novembro de 2026.

A dotación é ampla en ambas as áreas: todos os concellos da área portuguesa e a maioría dos da galega contan con biblioteca pública, auditorio ou casa da cultura, pavillón deportivo e escola infantil de 0 a 3 anos, e a meirande parte dispón de mercado municipal e feira semanal. Os concellos da área portuguesa suman máis pavillóns, concentrados sobre todo en Ponte de Lima e Viana do Castelo. Tamén contan con máis escolas infantís, mais o dato non resulta directamente comparable: na área portuguesa case todas as escolas infantís non son municipais (dos concellos), senón que as xestionan entidades sociais ou os centros parroquiais (as xuntas de freguesía), con financiamento do Estado; en Galicia só se contan as escolas públicas, municipais ou da Xunta. Novamente, a explicación está nas diferenzas da estrutura administrativa. En Portugal a parroquia (a freguesía) ten recoñecemento na estrutura administrativa do país, e en Galicia non.

As principais diferenzas aparecen nas piscinas e nos centros de ensino musical. Os dez concellos da área portuguesa contan con piscina cuberta, mentres que en Galicia só a teñen catro, outros oito contan con piscina descuberta de verán e outros catro non teñen piscina. Seis concellos da área galega e dous da portuguesa non teñen conservatorio nin escola de música autorizada; no caso da área galega unicamente Tui, Ponteareas e A Guarda teñen conservatorio municipal (sen contar escolas de música) e en Portugal o ensino musical especializado impártese en academias e conservatorios privados con financiamento público.

A cooperación transfronteiriza permite compartir algúns destes equipamentos. No marco da Eurocidade Cerveira-Tomiño, a piscina municipal de Vila Nova da Cerveira é utilizada por veciños de Tomiño e a

escola de música de Goián esta aberta a veciños de Cerveira. De igual modo, a piscina cuberta de Valença ten usuarios de Tui e o Teatro Municipal de Tui considérase un recurso compartido da Eurocidade Tui-Valença.

8.8 Notas metodolóxicas

- **Homoxeneización:** os ingresos e os gastos recollen o efectivamente cobrado e pagado cada ano, excluíndo as operacións financeiras o que fai que os préstamos non computen nin como ingreso, nin como gasto. A débeda corresponde aos préstamos dos concellos e non inclúe a débeda con provedores nin a das empresas municipais.
- **Competencias:** as cámaras municipais portuguesas asumiron competencias en educación, saúde e acción social que en Galicia corresponden en boa parte á Xunta de Galicia.
- **Datos de 2025:** teñen carácter provisional. No caso da Caniza, Mondariz e O Rosal, non constaban as súas liquidacións, polo que os seus ingresos e gastos están estimados a partir da evolución do resto de concellos galegos.
- **Servizos:** recollen os datos a 1 de novembro de 2026. Os datos proveñen de directorios oficiais e webs municipais.

8.9 Conclusións

Entre 2015 e 2025 os ingresos non financeiros por habitante do AECT Rio Minho alcanzan os 1.285 € o que supón un incremento do 63,9 % no período, e os gastos ata os 1.319 €, o que supón un aumento do 75,6 %, cun crecemento especialmente intenso a partir do 2020.

Os concellos da área portuguesa ingresan e gastan máis que os da área galega, en boa parte polas maiores competencias que xestionan. A diferencia entre ambas áreas amplíase ao longo do período.

O saldo entre ingresos e gastos mantense próximo ao equilibrio no conxunto do AECT, se ben en 2025 é negativo e 16 dos 26 concellos presentan déficit.

A débeda financeira por habitante redúcese un 19,1% ata os 186 euros. A dos concellos da área portuguesa é 2,5 veces a dos concellos da área galega. Seis concellos galegos non teñen débeda.

Na dotación de servizos todos os concellos portugueses contan con piscina cuberta, biblioteca, auditorio, pavillón deportivo e escola infantil, esta última da rede social. En Galicia as principais carencias están nas piscinas cubertas e no ensino musical; en ocasións estas necesidades cóbrense compartindo equipamentos nas eurocidades, entre as dúas beiras do Miño.

Ingresos non financeiros por habitante (€/hab)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Arbo	878	1.040	987	975	1.077	1.061	1.051	1.207	1.220	1.289	1.386
A Cañiza	862	778	860	843	862	831	880	1.114	1.260	1.189	1.133
Covelo	910	835	998	973	1.176	1.184	1.070	1.135	1.326	1.820	1.613
Crecente	761	925	921	918	1.096	1.298	1.137	1.188	1.302	1.401	1.315
A Guarda	635	694	754	720	776	839	826	852	1.182	1.118	1.003
Mondariz	745	711	754	670	868	815	854	841	867	1.171	1.037
Mondariz-Balneario	1.481	1.802	1.835	1.285	1.825	1.779	2.736	1.980	2.264	2.489	2.237
As Neves	648	767	698	892	942	1.030	913	978	1.434	1.041	1.042
Oia	560	695	717	727	882	778	871	1.401	1.167	1.134	1.188
Ponteareas	633	686	642	669	719	757	752	780	864	1.118	1.061
O Porriño	762	737	753	826	865	891	984	1.035	1.073	1.096	1.203
O Rosal	553	651	635	646	608	722	696	854	815	946	899
Salceda de Caselas	497	544	549	612	667	584	719	805	878	869	846
Salvaterra de Miño	683	696	705	668	755	807	798	889	1.073	977	946
Tomiño	532	572	625	668	669	722	756	791	1.001	901	921
Tui	541	620	569	595	647	637	748	703	882	975	818
GALICIA	**649**	**690**	**693**	**715**	**772**	**794**	**834**	**890**	**1.017**	**1.067**	**1.032**
Arcos de Valdevez	1.074	1.038	1.073	1.162	1.184	1.110	1.174	1.401	1.541	1.571	1.845
Caminha	1.037	951	961	1.033	1.157	1.160	1.396	1.304	1.341	1.387	1.444
Melgaço	1.466	1.457	1.443	1.643	1.618	1.712	1.927	2.376	2.462	3.683	2.824
Monção	840	811	837	955	990	1.006	1.136	1.297	1.304	1.353	1.566
Paredes de Coura	1.278	1.173	1.245	1.484	1.305	1.334	1.480	1.460	1.795	1.716	1.886
Ponte da Barca	1.024	1.175	1.066	1.084	987	1.147	1.219	1.228	1.443	1.722	1.786
Ponte de Lima	693	655	804	713	730	722	817	880	947	1.060	1.156
Valença	1.094	1.128	1.081	1.068	1.241	1.081	1.090	1.201	1.285	1.457	1.469
Viana do Castelo	633	598	667	684	712	761	759	833	819	961	1.173
Vila Nova de Cerveira	1.490	1.293	1.320	1.429	1.475	1.409	1.505	1.909	1.831	1.814	1.877
PORTUGAL	**860**	**826**	**879**	**911**	**936**	**948**	**1.016**	**1.113**	**1.161**	**1.300**	**1.425**
TOTAL AECT RIO MINHO	**784**	**777**	**812**	**840**	**877**	**892**	**949**	**1.031**	**1.109**	**1.216**	**1.285**

Gastos non financeiros por habitante (€/hab)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Arbo	856	998	942	952	1.046	1.114	1.090	1.128	1.367	1.309	1.425
A Cañiza	866	723	800	763	788	813	860	1.334	1.592	1.175	1.266
Covelo	843	751	761	1.044	1.133	1.144	1.102	1.357	1.607	1.472	1.580
Crecente	768	816	917	844	1.063	1.379	1.230	1.126	1.275	1.422	1.320
A Guarda	645	586	672	833	715	804	819	1.044	901	958	1.156
Mondariz	757	670	724	636	843	690	1.002	741	1.040	1.171	1.261
Mondariz-Balneario	1.251	1.327	1.536	1.380	2.372	1.738	2.400	2.009	1.659	2.525	2.951
As Neves	603	685	635	848	1.000	1.019	1.067	1.092	1.143	1.073	1.076
Oia	543	704	553	689	818	840	861	1.045	1.007	1.355	1.087
Ponteareas	641	616	598	621	845	782	881	852	888	986	1.035
O Porriño	760	605	791	802	876	892	827	977	1.197	1.064	1.352
O Rosal	598	551	606	590	682	697	670	977	916	1.126	1.225
Salceda de Caselas	459	429	611	465	691	613	735	843	981	1.003	819
Salvaterra de Miño	611	690	698	699	663	779	834	795	979	887	1.011
Tomiño	627	498	565	610	614	764	796	779	863	856	830
Tui	461	449	462	553	652	609	737	772	832	976	970
GALICIA	**641**	**596**	**652**	**683**	**782**	**793**	**846**	**919**	**1.014**	**1.035**	**1.106**
Arcos de Valdevez	964	980	1.084	1.121	1.173	1.213	1.203	1.371	1.516	1.548	1.819
Caminha	997	906	899	979	1.155	1.144	1.348	1.281	1.305	1.316	1.426
Melgaço	1.351	1.244	1.363	1.595	1.571	1.580	1.872	2.467	2.752	3.524	2.845
Monção	738	737	778	944	1.024	1.024	1.157	1.298	1.285	1.412	1.646
Paredes de Coura	1.287	1.103	1.171	1.407	1.200	1.301	1.438	1.534	1.752	1.653	1.828
Ponte da Barca	979	1.133	1.011	1.010	1.008	1.129	1.263	1.223	1.431	1.721	1.896
Ponte de Lima	628	749	977	690	695	719	872	850	867	967	1.204
Valença	1.102	1.039	1.068	1.111	1.250	1.107	1.013	1.163	1.373	1.431	1.464
Viana do Castelo	613	567	656	671	732	728	793	838	806	920	1.155
Vila Nova de Cerveira	1.426	1.200	1.280	1.329	1.462	1.379	1.465	1.718	1.865	1.444	2.000
PORTUGAL	**813**	**797**	**887**	**884**	**934**	**938**	**1.032**	**1.101**	**1.149**	**1.241**	**1.438**
TOTAL AECT RIO MINHO	**751**	**724**	**802**	**811**	**879**	**885**	**964**	**1.034**	**1.100**	**1.167**	**1.319**

Saldo por habitante: ingresos - gastos (€/hab)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Arbo	22	42	45	23	31	-53	-39	79	-147	-20	-39
A Cañiza	-4	55	60	80	74	18	20	-220	-332	14	-133
Covelo	67	84	237	-71	43	40	-32	-222	-281	348	33
Crecente	-7	109	4	74	33	-81	-93	62	27	-21	-5
A Guarda	-10	108	82	-113	61	35	7	-192	281	160	-153
Mondariz	-12	41	30	34	25	125	-148	100	-173	0	-224
Mondariz-Balneario	230	475	299	-95	-547	41	336	-29	605	-36	-714
As Neves	45	82	63	44	-58	11	-154	-114	291	-32	-34
Oia	17	-9	164	38	64	-62	10	356	160	-221	101
Ponteareas	-8	70	44	48	-126	-25	-129	-72	-24	132	26
O Porriño	2	132	-38	24	-11	-1	157	58	-124	32	-149
O Rosal	-45	100	29	56	-74	25	26	-123	-101	-180	-326
Salceda de Caselas	38	115	-62	147	-24	-29	-16	-38	-103	-134	27
Salvaterra de Miño	72	6	7	-31	92	28	-36	94	94	90	-65
Tomiño	-95	74	60	58	55	-42	-40	12	138	45	91
Tui	80	171	107	42	-5	28	11	-69	50	-1	-152
GALICIA	**8**	**94**	**41**	**32**	**-10**	**1**	**-12**	**-29**	**3**	**32**	**-74**
Arcos de Valdevez	110	58	-11	41	11	-103	-29	30	25	23	26
Caminha	40	45	62	54	2	16	48	23	36	71	18
Melgaço	115	213	80	48	47	132	55	-91	-290	159	-21
Monção	102	74	59	11	-34	-18	-21	-1	19	-59	-80
Paredes de Coura	-9	70	74	77	105	33	42	-74	43	63	58
Ponte da Barca	45	42	55	74	-21	18	-44	5	12	1	-110
Ponte de Lima	65	-94	-173	23	35	3	-55	30	80	93	-48
Valença	-8	89	13	-43	-9	-26	77	38	-88	26	5
Viana do Castelo	20	31	11	13	-20	33	-34	-5	13	41	18
Vila Nova de Cerveira	64	93	40	100	13	30	40	191	-34	370	-123
PORTUGAL	**47**	**29**	**-8**	**27**	**2**	**10**	**-16**	**12**	**12**	**59**	**-13**
TOTAL AECT RIO MINHO	**33**	**53**	**10**	**29**	**-2**	**7**	**-15**	**-3**	**9**	**49**	**-34**

Débeda financeira por habitante (€/hab)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Arbo	88	86	73	65	56	46	35	25	15	5	0
A Cañiza	184	187	153	135	136	122	150	376	866	569	519
Covelo	0	0	0	0	0	0	0	0	274	0	0
Crecente	55	50	43	36	28	21	13	0	0	0	110
A Guarda	51	38	21	1	0	0	25	27	21	17	0
Mondariz	0	2	0	0	0	0	0	0	168	278	160
Mondariz-Balneario	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
As Neves	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Oia	19	15	3	2	0	0	0	0	0	0	0
Ponteareas	133	51	38	34	30	34	136	157	189	84	94
O Porriño	86	3	2	0	1	1	0	40	147	146	139
O Rosal	0	0	0	0	0	0	0	188	189	202	83
Salceda de Caselas	132	105	160	128	108	91	73	62	281	277	273
Salvaterra de Miño	424	376	320	271	229	212	198	200	143	81	71
Tomiño	94	89	78	71	63	54	46	38	35	95	8
Tui	0	0	0	7	7	0	0	0	0	0	9
GALICIA	**99**	**66**	**59**	**50**	**44**	**40**	**56**	**82**	**143**	**113**	**94**
Arcos de Valdevez	295	242	198	156	133	205	235	219	190	161	148
Caminha	389	352	313	281	267	251	246	208	171	138	111
Melgaço	884	774	671	607	544	455	451	610	813	782	710
Monção	373	321	270	238	229	254	281	297	261	312	421
Paredes de Coura	606	545	484	421	541	474	405	343	286	234	190
Ponte da Barca	516	474	430	384	393	394	426	432	416	535	524
Ponte de Lima	29	26	23	19	16	39	50	69	61	58	60
Valença	385	396	383	396	419	416	393	354	406	351	311
Viana do Castelo	249	227	239	241	280	267	311	321	294	272	241
Vila Nova de Cerveira	596	549	503	454	429	410	399	395	336	292	305
PORTUGAL	**304**	**274**	**256**	**240**	**253**	**253**	**273**	**278**	**263**	**251**	**238**
TOTAL AECT RIO MINHO	**230**	**199**	**185**	**171**	**177**	**175**	**194**	**206**	**219**	**201**	**186**

Renda media (€)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Arbo	8.706	8.845	9.293	9.817	10.350	10.343	10.917	11.614	12.425	13.110	13.935
A Cañiza	7.839	8.015	8.476	8.950	9.403	9.393	9.957	10.570	11.669	12.418	13.367
Covelo	8.950	8.899	9.229	9.675	10.126	10.149	10.752	11.376	12.673	13.407	14.430
Crecente	9.018	9.080	9.604	10.131	10.488	10.829	11.191	12.219	13.367	14.000	15.085
A Guarda	9.074	9.291	9.697	9.964	10.450	10.331	10.893	11.681	12.638	13.347	14.282
Mondariz	8.462	8.767	9.244	9.523	10.084	10.244	10.684	11.395	12.260	12.921	13.766
Mondariz-Balneario	12.545	11.991	12.843	13.232	13.350	13.399	13.813	14.452	15.418	16.502	17.510
As Neves	7.874	8.060	8.289	9.042	9.586	9.684	10.276	10.871	11.872	12.534	13.392
Oia	9.664	9.926	10.226	10.556	11.153	11.116	11.889	12.421	13.410	14.290	15.194
Ponteareas	8.753	9.053	9.138	9.636	10.216	10.383	11.012	11.411	12.538	13.237	14.074
O Porriño	9.174	9.527	10.012	10.446	10.919	11.131	11.607	12.303	13.289	14.064	14.994
O Rosal	8.649	8.783	9.191	9.732	10.196	10.340	10.755	11.620	12.656	13.378	14.387
Salceda de Caselas	8.890	9.314	9.664	10.250	10.883	11.062	11.405	11.981	13.017	13.875	14.812
Salvaterra de Miño	8.629	8.696	9.113	9.502	10.077	10.340	11.018	11.412	12.213	13.044	13.799
Tomiño	8.959	9.163	9.469	9.993	10.606	10.819	11.461	11.980	13.024	13.749	14.609
Tui	8.980	9.092	9.457	10.011	10.440	10.580	11.259	11.786	12.688	13.604	14.490
GALICIA	**8.856**	**9.081**	**9.427**	**9.905**	**10.430**	**10.574**	**11.145**	**11.729**	**12.730**	**13.500**	**14.391**
Arcos de Valdevez	7.381	7.599	7.870	8.302	8.646	8.855	9.241	9.801	10.472	11.549	12.440
Caminha	8.994	9.245	9.603	9.992	10.326	10.547	11.053	11.598	12.258	13.522	14.462
Melgaço	7.706	7.981	8.198	8.528	8.869	9.202	9.547	10.034	10.572	11.687	12.502
Monção	7.872	8.115	8.434	8.844	9.165	9.465	10.028	10.464	11.037	12.111	12.897
Paredes de Coura	7.544	7.837	8.205	8.542	8.894	8.906	9.362	9.898	10.617	11.679	12.572
Ponte da Barca	7.224	7.407	7.683	8.193	8.633	8.816	9.132	9.619	10.361	11.427	12.314
Ponte de Lima	7.583	7.935	8.307	8.730	9.183	9.383	9.915	10.563	11.311	12.398	13.357
Valença	8.192	8.387	8.757	9.120	9.519	9.549	10.041	10.442	11.056	11.997	12.730
Viana do Castelo	9.572	9.857	10.202	10.752	11.144	11.298	11.827	12.415	13.171	14.447	15.443
Vila Nova de Cerveira	8.633	8.876	9.312	9.802	10.205	10.090	10.611	11.070	11.531	12.510	13.216
PORTUGAL	**8.472**	**8.747**	**9.089**	**9.555**	**9.946**	**10.115**	**10.614**	**11.187**	**11.889**	**13.046**	**13.968**
TOTAL AECT RIO MINHO	**8.610**	**8.868**	**9.211**	**9.682**	**10.122**	**10.282**	**10.808**	**11.386**	**12.195**	**13.209**	**14.120**

Servizos públicos municipais (nº de instalacións, 2026)	Mercado municipal	Feira periódica	Biblioteca pública	Piscina pública	Conservatorio / escola de música	Auditorio / casa da cultura	Pavillón deportivo	Escola infantil 0-3 pública ou social
Arbo	1	1	1	1	0	1	1	1
A Cañiza	1	1	1	2	0	1	2	1
Covelo	0	1	1	1	0	1	1	1
Crecente	1	0	1	1	0	1	1	1
A Guarda	1	1	1	1	1	2	1	2
Mondariz	1	1	1	1	1	1	1	1
Mondariz-Balneario	1	1	1	0	0	1	0	1
As Neves	1	1	1	1	1	1	1	1
Oia	0	0	0	0	0	1	1	1
Ponteareas	1	1	1	1	2	1	2	1
O Porriño	1	1	2	1	1	1	2	4
O Rosal	1	0	1	0	2	1	1	1
Salceda de Caselas	1	1	1	1	1	2	1	1
Salvaterra de Miño	1	1	1	2	1	1	2	1
Tomiño	2	1	1	0	1	2	2	2
Tui	1	1	1	1	2	1	3	1
GALICIA	**15**	**13**	**16**	**14**	**13**	**19**	**22**	**21**
Arcos de Valdevez	1	1	1	1	1	1	1	4
Caminha	2	2	2	1	1	1	2	4
Melgaço	1	1	2	2	0	1	1	1
Monção	1	1	1	2	1	1	1	3
Paredes de Coura	0	1	1	1	1	1	1	3
Ponte da Barca	0	1	1	1	1	2	1	3
Ponte de Lima	1	4	1	4	1	1	9	6
Valença	1	2	1	1	1	1	2	3
Viana do Castelo	1	1	1	3	2	2	8	20
Vila Nova de Cerveira	0	1	1	1	0	2	2	2
PORTUGAL	**8**	**15**	**12**	**17**	**9**	**13**	**28**	**49**
TOTAL AECT RIO MINHO	**23**	**28**	**28**	**31**	**22**	**32**	**50**	**70**